



DELEGACIÓN EN VIGO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 oficina 21
36209 Vigo. T. +34 986 221 500 - vigo@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirsgalegas.com

VIGO + 11

CARREIRA POPULAR REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello de Vigo, organizan a **13ª Carreira Popular VIGO +11**, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.
2. Data: **3 de novembro de 2019**.
3. Saída e Meta: Rúa Cánovas del Castillo.
4. **Inscricións:** Poderán participar cantas persoas o desexen, estean ou non federadas, a través da web **championchipnorte.com**
5. **Cota: 5 €**, excepto as categorías sub8, sub10, sub12, sub14, sub16 e sub18.
6. Prazo de **inscrición:** ata o día **29 outubro** ás 24:00, non admitíndose ningunha inscrición fóra de prazo, nin o mesmo día da carreira.
7. **Entrega de dorsais** e chips: Efectuarase na Casa do Deporte o 2 de novembro, desde as 10:00 ás 21:00 horas, e o día da carreira na zona da saída a partir das 9:00.
8. **Premios:** Recibirán medalla os tres primeiros clasificados, tanto masculinos como femininos, de cada categoría. Excepto sub8 da que non se fará clasificación e recibirán un detalle en meta todos.
9. A proba está incluída no circuío **Run Run Vigo** do Concello de Vigo.
10. Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.
11. **Non** poderán participar atletas **estranxeiros** con marcas de **máis de 950 puntos** de taboa internacional. según de detalla no artigo 3.4. do Regulamento para as competicións de Campo a Través, Marcha, Ruta, Trail e Pista, para competicións autonómicas da RFEA, disponible en:
http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2018/09_ReglamentoCompeticiones.pdf
12. Establécese un límite de unha hora e quince minutos para completar a proba de 10 km. A partir de ese momento pecharase o control de chegada e quen permaneza no circuío o fará baixo a súa responsabilidade seguindo as normas de circulación.
13. Haberá servizo de **duchas, vestiarios e gardaroupa**, no Real Club **Náutico** de Vigo a disposición de tódolos atletas ao finalizar as probas.
14. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
15. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo coas normativas vixentes da FGA, RFEA e IAAF, nesta orde, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

16. Horarios e Categorías:

| Categoría | | Distancia (aprox.) | Hora de saída |
|-----------|---------------------------|--------------------|---------------|
| Sub8 | 2012-2013-2014 | 200 m (recta meta) | 10:00 |
| Sub10 | 2010-2011 | 1 km (1 volta c.) | 10:15 |
| Sub12 | 2008-2009 | 1 km (1 volta c.) | 10:15 |
| Sub14 | 2006-2007 | 2 km (2 voltas c.) | 10:30 |
| Sub16 | 2004-2005 | 3 km (3 voltas c.) | 10:45 |
| Sub18 | 2002-2003 | 3 km (3 voltas c.) | 10:45 |
| Sub20 | 2000-2001 | 10 km | 11:11 |
| Sub23 | 1997-1998-1999 | 10 km | 11:11 |
| Sénior | 1996 ata Máster | 10 km | 11:11 |
| Máster 40 | 40 ata 44 anos cumpridos | 10 km | 11:11 |
| Máster 45 | 45 ata 49 anos cumpridos | 10 km | 11:11 |
| Máster 50 | 50 ata 59 anos cumpridos | 10 km | 11:11 |
| Máster 60 | 60 ou máis anos cumpridos | 10 km | 11:11 |

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.